

A danza na  
Antigüidade: Exipto,  
Mesopotamia e Persia,  
pobo hebreo e Creta.

# EXIPTO

- En Exipto a danza coñécese polas pinturas e os baixorrelevos que se atopaban das tumbas e dos templos. Polos datos que hai pódese deducir que a danza formaba parte da vida e que foi practicada e ademais de isto os exipcios foron os primeiros que deixaron anotacións sobre danza.
- Había 3 tipos de danzas: Sagradas, litúrxicas e sociais.
- As danzas podía ser unipersoais ou plurais (non existía danza entre home-muller como parella).




- **INSTRUMENTOS**: Como instrumentos musicales empregaban: arpa, frauta longa, chirimía doble, pandeiros, sistro, trompeta, guitarras de 3 cuerdas, címbalos...



# Danzas

- **Danzas astrais ou solares**: representaban movementos astrais e a súa evolución. Danzaban en círculo ao redor do altar (que era unha pedra que simbolizaba o sol) simulando o movemento do sol e dos planetas.
- 
- **Danzas rituais funerarias**: caracterizadas polo palmeo rítmico de mans e pola posición dos brazos sobre a cabeza. A través da mímica representaban escenas da vida do difunto. Os danzantes acompañaban a procesión fúnebre ata a tumba.



**Danzas de entretenimento ou diversión:**

danzas colectivas populares ou executadas en privado en ocasión de celebracións familiares.



**Danzas de espectáculo:**

son bailarinas destinadas a divertir ao faraón e á súa corte e, por extensión, aos nobres e ricos.

Atopamos só mulleres, aínda que igualmente hai homes.



# MESOPOTAMIA E PERSIA



Durante o V milenio a.C. as mulleres danzaban en círculos para propiciar a choiva erguendo e baixando as mans xuntas.

A danza é o reflexo da sociedade, usada en rituais máxicos (asociados á natureza) e relixiosos.

Os bailaríns eran probablemente magos. Máis tarde formaron grupos de bailaríns que bailaban nos templos, moitas veces sen roupa, para simbolizar a pureza.

Os bailaríns a miúdo levaban máscaras que representaban a animais, e as posturas que realizaban tiñan un significado simbólico, que foi evolucionando ao longo do tempo.



# POBO HEBREO





Na Biblia, concretamente no Éxodo, atopamos numerosos fragmentos nos que se danza, sempre cun sentido relixioso de veneración á Divindade. Tamén aparecen danzas ligadas a acontecementos políticos e militares, como a **danza do Rei David ante a Arca da Alianza**.

**Unha das danzas máis coñecidas é a executada por Salomé a cambio da cal pediu que se lle concedera calquer desexo, algo que o rei Herodes aceptou.**

Os hebreos celebran tamén con danzas sagradas as ceremonias seguintes: a conmemoración da saída de Exipto (abril), o ofrecemento dos primeiros froitos a Deus e a celebración da entrega dos Dez Mandamentos (xuño), e a festa dos Tabernáculos (setembro).




# CRETA



En Creta a danza foi importante nas celebracións oficiais e nos acontecementos da vida privada.

Na súa mitoloxía, **os Curetes**, que eran os xóvenes iniciados nos ritos relixiosos, amantes da danza e dos deportes. **Os Coribantes** eran bailaríns con armadura, tocados por un casco rematado cunha cresta que celebraban o culto á deusa Cibeles bailando a ritmo de pandeiretas, cornos, frautas e pratos, marcándoo cos pes.



Algo ó que se lle daba unha gran importancia nesta cultura é a figura do laberinto e o touro como símbolo do sol ou da forza e a virilidade, asociados ambos os dous a rituais e bailes variados nos que os bailaríns simulaban ser touros ou facían o salto acrobático sobre o touro. Nas pinturas a miúdo vemos cómo os xóvenes varóns e as doncelas saltan por enriba do touro apoiándose sobre os seus cornos.



# Enlaces sobre las danzas:

## **EGIPTO:**

<https://www.youtube.com/watch?v=3f-1c8DhANs>

[https://www.youtube.com/watch?v=lzx9OuF\\_D5Y](https://www.youtube.com/watch?v=lzx9OuF_D5Y)

## **PERSIA:**

<https://www.youtube.com/watch?v=qLvRE0Jda0I>

## **POBO HEBREO:**

[https://www.youtube.com/watch?v=IQyJgvCj\\_NQ](https://www.youtube.com/watch?v=IQyJgvCj_NQ)

<https://www.youtube.com/watch?v=L6Odp1vnRHA>